

XIII

XORNADAS  
DE DANZA  
E MÚSICA  
TRADICIONAIS  
GALEGAS

DE VIGO - 2011



PATROCINA

CONCELLERÍA  
DE  
CULTURA  
E FESTAS

ALCALDÍA



**ASOCIACION FOLCLÓRICA ANDARELA**

Muiñeira de Chantada

Muiñeira de Curxido-Xota de Ordes

**GRUPO DE BAILE TRÉBEDE**

Canto, muiñeira e maneo de Anxeriz

Xota da Ameixenda

**GRUPO ETNOGRÁFICO "A BUXAIMA"**

Pandereitada de Limiñoa

Foliada de Castelo da Rigueira

**ASOCIACIÓN CULTURAL "OS XEITOSOS DE TRAZO"**

Xota punteada de Sebia

Muiñeira e xota de Xabaxáns

**GRUPO DE BAILE "XIRÁNDOLA"**

Muiñeira de San Salvador

Maneo e muiñeira de Limiñoá.

**AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "COLEXIATA DO SAR"**

Ruada portuguesa de Bemvibre

Muiñeira de Sabaxáns


**ASOCIACIÓN CULTURAL "TRASPÉS"**

Ronda en Baiste

Xota e Muiñeira de Axeitos

**GRUPO CONVIDADO: DÚO DE GAITA E PIANO**

**JOSE MANUEL FDEZ GUTIERREZ "GUTI" E JESUS ANGEL AREVALO MANZANO**



## ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA "ANDARELA" (VIGO)

Andarela é unha asociación folclórica fundada en Vigo en 1989. Presidida actualmente por D. Pablo Ferreira Tobío e dirixida por Marcos Vila Rodríguez. Na actualidade está integrada por 90 membros distribuídos en cinco seccións : Grupo principal de danza, Escola de Danza Infantil, Escola de Danza de Adultos, Escola de Gaita e Percusión e Escola de Canto.

A liña de actuación desta asociación basease no coidado traballo das coreografías escénicas e na didáctica e difusión dos aspectos identificativos da cultura galega a través da música e a danza.

Abórdase tamén unha adicación esmerada ao vestiario e tecidos tradicionais, combinando distintas modalidades de traxes de gala e cotío con outras formas de época un pouco máis vangardistas.

No repertorio de Andarela conflúen os principais ritmos da nosa música: muiñeira, pandeiro, xota, ribeirana, maneio; en pezas amplamente diver-

sificadas para ofrecerlle ao espectador unha versión áxil, entretida e versátil.

Ao longo destes 22 anos de historia, Andarela participou en moitos eventos culturais; destacar especialmente os festivais internacionais de Gijón e no do Mediterráneo (Murcia) e máis recentemente no Festival dos povos da Antiga Coroa de Aragón (Castellón).



XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA  
TRADICIONAIS GALEGAS 2011

## GRUPO DE BAILE TRÉBEDE (MARÍN)

A comezos do ano 2011 nace o grupo de baile Trébede, froito da cooperación entre dúas asociacións xa existentes: A. C. Trepia de Pontevedra e A. C. Loira de Marín.

Ao mesmo tempo fórmase tamén o grupo de pandereteiras Trébede. Uns meses máis tarde, incorpórase ao grupo a A. C. Ludovaina, achegando deste xeito o grupo instrumental, que dá cabida a distintas formacións instrumentais.

O grupo está composto de nove parellas de baile (mixtas), oito pandereteiras e charanga (dúas gaitas, saxo, acordeón, tambor, bombo e pandeireta).

Trátase dun grupo de recente creación aínda que formado por xente con moito percorrido no mundo do folclore, xa que gran parte dos seus compoñentes teñen unha dilatada traxectoria na que pasaron por diferentes grupos como O Fiadeiro, Lembranzas da Ría, Loira, Gandaina, Cantigas e Agarimos, Albendeira, Trompos ós Pés, Malveiras, Os Muíños de Oliveira...entre outros.

Asumen a dirección do grupo Miguel Sotelo e Pedro Brañas, nun esforzo por demostrar a viabilidade de codirección neste tipo de agrupacións. Ademais, un dos obxectivos da formación é precisamente ese: rachar con tendencia imperante de rivalidade entre asociacións e colectivos para xuntar esforzos nun proxecto común.

Ata o de agora teñen participado en distintos eventos entre os que cabe destacar o concurso Azaloira 2011, no que acadaron o terceiro premio.



XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA  
TRADICIONAIS GALEGAS 2011

## GRUPO ETNOGRÁFICO "A BUXAINA" (VIGO)

O Grupo Etnográfico A Buxaina, nace no ano 1985 ao abeiro do Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo.

Empeza sendo un grupo de baile máis, de parroquia, para converterse ao pouco tempo nunha referencia para a cultura tradicional na cidade de Vigo, xa que comeza a organizar dous actos cos que pretende dar toda a importancia que merece o folclore como máxima expresión da cultura e sinal de identidade dun país (coa organización do Festival Internacional de Coruxo e a Homenaxe ao Gaiteiro).

Con máis de 20 anos ininterrompidos de organización de ambos os dous actos, o grupo consegue que sexan tidas como dúas citas obrigadas no ano a asistencia a estes dous festivais: no campo de fútbol do Coruxo FC e no Teatro García Barbón. O máis importante é que, ano a ano, máis xente acode a estes actos, e non só da nosa cidade, senón de todos os recunchos de Galicia e mesmo de Asturias.

Agás esta faceta de colectivo organizador, A Buxaina funciona como calquera outro grupo de baile tradicional: recolle pezas que despois monta para ofrecer

no escenario, mantéñse vivo e en constante renovación gracias á súa escola e aglutina unha serie de escolas das que tamén se nutre (percusión, pandeireta, gaita...)

Nos seus máis de 25 anos de vida, A Buxaina ten viaxado ao longo de toda a xeografía estatal: Asturias, Cantabria, País Vasco, Murcia, Toledo...pero tamén ten unha importante proxección internacional, pois ademais de ser asiduo participante de festivais folclóricos portugueses, ten viaxado a Francia e Alemaña.



XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA  
TRADICIONAIS GALEGAS 2011

## ASOCIACIÓN CULTURAL “OS XEITOSOS DE TRAZO” (A CORUÑA)

Comezan a súa actividade no ano 1979. No seu inicio contaban cuns doce membros que formaban un grupo de gaitas. Na actualidade o grupo está formado por máis de medio cento de persoas repartidas nas seguintes seccións:

Banda de gaitas, grupo de baile e grupo de pandereteiras. No seo da asociación tamén se imparten cursos de acordeón.

Os Xeitosos de Trazo saíron a facer actuacións dende os seus comezos, participando nas festas da comarca, nas romarías tradicionais, así como concursos e festivais.

Nos últimos anos o grupo atravesou as fronteiras da nosa comunidade e actuou en: Villoria de Orbigo e Fabero en León; Bitigudino en Salamanca; Cabezón de Pisuerga en

Valladolid; Tineo, Xixón e Avilés en Asturias; Alvergaría AVella e Guimaraês en Portugal; Festival Saint Loup en Francia.

Destacan os seguintes premios:

2005: Segundo premio na categoría de concurso de baile organizado polo grupo Tequexeteldere da Estrada.

2007: Primeiro premio na categoría A, no concurso organizado pola agrupación Santa María de Torás.

2008: Segundo premio na categoría A no concurso de baile tradicional organizado polo trupo Tequexeteldere da Estrada.

2009: Segundo premio na categoría B, no concurso organizado pola agrupación Santa María de Torás.

2010: Segundo premio na categoría B e segundo na categoría C no Concurso de Baile Tradicional de Xacarandaina (A Coruña)

2011: Segundo premio da categoría C no Concurso de Baile Tradicional de Xacarandaina (A Coruña)

Segundo na categoría B e C, no concurso de baile tradicional organizado polo grupo Tequexeteldere da Estrada.



XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA  
TRADICIONAIS GALEGAS 2011

## GRUPO DE BAILE TRADICIONAL "XIRÁNDOLA" (BANDEIRA)

O grupo de baile tradicional Xirandola comeza os seus ensaios no Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira no ano 1987 baixo a dirección de D. Xoan Morandeira, profesor de recoñecida experiencia no baile e música tradicional.

O grupo conta con escola de baile, pandeireta e música tradicional, cun número total de compoñentes de 97 persoas. Destaca o amplo repertorio de pezas recollidas nas distintas comarcas galegas (Deza, Tabeirós, Baixo Miño, Xinzo de Lima, Noia, O Caurel .....).

Dende os seus comezos acadou numerosos premios repartidos nas distintas categorías de baile, música e vestuario. Caben destacar nos últimos anos: o premio "LUAR 2001" ao mellor grupo de baile tradicional; 1º premio de baile, premio ao mellor grupo de acompañamento e o mellor bailarían en distintos certames de baile e música tradicional que ten lugar todos os anos en Vigo. Premio o mellor traxe antigo de muller e ao mellor traxe moderno tamén de muller. Dous terceiros premios na categoría C no concurso de Cantigas e Agarimos e en Xacarandaina,

un primeiro premio na categoría A no concurso de Xacarandaina, primeiro premio nas Xornadas de Baile Tradicional que se celebran en Vigo ....

Participa en numerosas romerías e festivais organizados na comunidade galega (Xornadas do folclore galego en Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa, Viveiro, A Coruña, O Grove, Vigo ...) noutros lugares de España (Zaragoza, Murcia, Asturias, Ciudad Real, Madrid, Málaga, Toledo, Burgos, Gran Canaria, Lanzarote...) así como no estranxeiro (Portugal, Suiza, Holanda, Arxentina,....)



## AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "COLEXIATA DO SAR" (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

A agrupación folclórica Colexiata do Sar nace alá polo ano 1980, no popular barrio de Sar, en Santiago de Compostela fundada polo cura párroco Xosé Porto Buceta.

Na actualidade a agrupación está dirixida na sección de baile por Maria del Pilar Sexto e na de música e percusión por Alfonso Rodríguez. Entre os obxectivos principais da agrupación están os de formar e perfeccionar a sensibilidade artístico musical das e dos seus membros, difundir a música e o folclore do noso pobo e contribuír ao desenvolvemento cultural do barrio.

Na actualidade o grupo está formado por uns 40 compañentes que integran as distintas seccións da agrupación: grupo de baile tradicional integrado por 20 persoas, grupo de música tradicional do que forman parte 15 persoas e o grupo de pandereiteiras integrado por 5 persoas. A escola de baile e música tradicional é tamén parte importante da organización do grupo, xa que os integrantes desta son o futuro da agrupación. Na actualidade a escola está integrada por 35 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos.

Son numerosas as viaxes realizadas pola agrupación entre as que podemos destacar os seguintes:

En España:

-Madrid, Sevilla, Córdoba, Barcelona, Tarragona, Terrasa, Logroño.

Fóra de España:

-Lorient, Marsella, Carpentras (Francia), Bruxelas (Bélxica), Roma (Italia), Zuric (Suíza), Bonm (Alemaña), Rotherdan (Holanda), Aveiro (Portugal), Taiwán, California, Nova York, Bos Aires, Mar da Prata (Arxentina).



XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA  
TRADICIONAIS GALEGAS 2011



# ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS (VIGO)

A Asociación Cultural Traspés foi fundada no ano 2009 en Vigo. Os seus componentes posúen unha importante traxectoria no eido do folclore, compartindo as mesmas inquedanzas baseadas na investigación, recuperación e conservación das nosas tradicións.

O grupo artístico está clasificado nas diferentes seccións:

Grupo de baile tradicional: formado por un corpo de bailadores de nove parellas mixtas, adicado á posta en escena das diferentes danzas da Comunidade Galega.

Grupo de pandereiteiros: composto por oito voces masculinas que empregan todo tipo de percusións populares co fin de levar ao escenario un amplo repertorio.

Grupo de música tradicional: dúas gaitas, acordeón, clarinete, tambor, bombo e pandeireta forman esta charanga tradicional, que amosan e interpretan diferentes pezas da nosa terra

## TRAXECTORIA

2009- 1º premio no II Concurso de pandereiteiras organizado pola Asociación Fogofato de Rianxo.

2º premio nas Xornadas de Baile Tradicional do Concello de Vigo da man do Grupo Tahúme.

2010- 3º premio no X Concurso de Baile tradicional Azaloira (Bandeira-Pontevedra)

1º premio No IX concurso de Baile Tradicional de Vilagarcía de Arousa.  
2º premio no XXXI Concurso de Baile tradicional Xacarandaina (A Coruña).

Participación nas Xornadas de Folclore Galego de Santiago de Compostela.

Participación no II Festival Beltaine Avilés Intercélticu 2010.

1º premio nas XI Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas do Concello de Vigo.

2011- 2º premio no XI Concurso de Baile Tradicional Galego Azaloira (Bandeira\_ Silleda).

Premio ao mellor acompañamento no XI concurso de baile Tradicional Galego Azaloira (Bandeira- Silleda).

Estrea do seu primeiro espectáculo de baile e música tradicional "De serán en romaría".



XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA  
TRADICIONAIS GALEGAS 2011

## GRUPO CONVIDADO: DÚO DE GAITA E PIANO

# JESUS ANGEL ARÉVALO MANZANO E JOSE MANUEL FDEZ GUTIÉRREZ "GUTI"

**José Manuel Fernández Gutiérrez, "Guti"**, é gaiteiro pioneiro en importantes iniciativas referentes á música tradicional asturiana; foi o primeiro en mesturar música de gaita con música orquestral, quedando reflectido no seu disco "Nos Mares del Sur", gravado coa Orquestra Sinfónica de Santiago de Chile.

Xunto a outros mestres realiza un dos primeiros métodos de gaita asturiana, referencia nos conservatorios e escolas de música tradicional. É director da Escola de Música e Danza Tradicional de Valdés, e director e fundador da única revista editada en Asturias de temática vencellada ao folclore asturiano, publicada en bable.

Na actualidade é gaiteiro fundador do grupo "Gandul", director da Banda de Gaitas "Avante Cudillero", e o único asturiano seleccionado para formar parte da Xira de "Maestros Solistas Europeos de Gaita".

Entre os moitos premios recibidos, destaca o premio

"Ventolín" ao mellor traballo con raíces realizado no Principado de Asturias.

**Jesús Angel Arévalo Manzano** formouse como profesor de piano no Conservatorio Superior de Música de Oviedo, onde realizou estudos de Harmonía, Contrapunto, Fuga e Composición. Seguiu ampliando a súa formación en Madrid, e Alemaña.

Desde hai anos é técnico-afinador de diversas institucións como a Sociedade Filarmónica de Oviedo ou a Sociedade Filarmónica de Avilés. Desde 1998 é director da Orquestra Big-Band de Xixón.

Compuxo e estreou numerosas obras entre elas o "Himno á Infancia" obra para orquestra e coro interpretada pola OSCO e trescentas voces da "Aula coral infantil".

Director artístico do concurso televisivo "Rumbo a la fama". De 2003 a 2005 foi Profesor do Departamento de Fundamentos de Mecánica e Mantemento de Pianos do Conservatorio Superior de Música de Oviedo.

Destacan entre outros, os premios seguintes:

- Primeiro premio de Composición de Cudillero.
- Primeiro premio como director do "Coro Reconquista" no Concurso "Cidade de Oviedo".
- Finalista no Certame nacional de Jazz de 1994.



**PRESIDENTA**

Isaura Abelairas Rodríguez  
*Concelleira de Cultura e Festas do Concello de Vigo*

**SECRETARIA**

Carmen Chapela Meno  
*Funcionaria do Concello de Vigo*

**VOGAIS**

Javier Villasenin Codesido  
*Exdirector dos grupos “Brisas da Terra” e “Cantigas e Agarimos”*

Antón Cabaleiro Millares  
*Exdirector do grupo “Froles Mareliñas” e componñente do Orfeón Treixadura*

José Manuel Gil Rodríguez  
*Artesán de gaitas, mestre de gaitas e gaiteiro*

María José Martínez Pérez  
*Directora do grupo “Xalgarete” e estudosa do traxe galego*




**PATROCINA**

CONCELLERÍA  
DE  
CULTURA  
E FESTAS

ALCALDÍA



**ORGANIZA**



**COLABORA**

